

AO CONCELLO DE VILALBA

D. Eduardo Vidal Baamonde, Dna. M^a Elba Veleiro Fernández, D. Xosé Teixeira Pérez, D. Luis Fernández Álvarez e Dna. Margarita Gómez Novo, en calidade de concelleiros do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilalba, e exercendo as funcións de control e fiscalización da acción do goberno de esta Corporación que son propias ao desempeño da funcións de concelleiros/as electos/as, **comparecemos e EXPOÑEMOS**

Primeiro.- Que en datas recentes, especialmente no derradeiro trimestre do ano 2012, e en maior medida no mes de novembro, viñéronse notificando numerosas liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (en adiante plusvalía municipal) a distintos cidadáns.

Segundo.- Que en relación a ditas notificacións, houbo numerosos/as veciños/as que fixeron chegar as súas queixas aos concelleiros que suscriben, por non estar de acordo cunha notificación que omite un dos elementos fundamentais da mesma, como é, o acordo de liquidación aprobado por órgano competente, circunstancia, pola que dita liquidación, dificilmente poderá ter valor xurídico, dado que estase a considerar un acto que non existe no ordenamento xurídico no momento no que se comunica.

Terceira.- Que entendemos que esta razón debe levar aparellada, que esa entidade local, de oficio, proceda á revisión das notificacións efectuadas, ao obxecto de poder confirmar que todas y cada unha delas, son posteriores ao acordo de liquidación adoptado por órgano competente, e elo, por varios motivos:

1.- En primeiro término, por que a Lei 30/1992 no seu artigo 3º dispón:

*“1. As Administracións públicas **serven con obxectividade aos intereses xerais** e actúan de acordo cós principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, **con sometemento pleno á Constitución, á Lei, e ao Dereito.***

*Igualmente, deberán respectar na súa actuación os **principios de boa fe e de confianza lexítima.**”*

Sendo dificilmente explicable que o Concello, sendo coñecedor dun vicio de nulidad de pleno dereito como o denunciado, non actúe en consecuencia de oficio, purgando o ordenamento xurídico das notificacións viciadas.

2.- En segundo termo, sinalar que descoñecer esta realidade pode abocar a esa Administración a múltiples recursos de incerto resultado, cuando serían innecesarios de actuar en cumprimento da normativa vixente.

Polo exposto,

AO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILALBA SOLICITAMOS que proceda á revisión das notificacións que se poideran haber realizado no último trimestre do ano 2012 en relación ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor da plusvalía municipal, e caso de non estar amparadas previamente polo oportuno acordo de liquidación aprobado por órgano competente, proceda a deixalas sen efecto previos os trámites oportunos, con devolución, se é o caso, dos haberes indebidamente ingresados.

En Vilalba a 26 de febreiro de 2013.

Asdo. _____
